CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 220. Xuño 2024. Distribución gratuíta

A Noite Aberta repartiu máis de 500 premios entre a clientela do comercio

A Noite Aberta repartiu, o pasado venres, máis de 500 premios entre a clientela, nun día cheo de descontos e ofertas nos establecementos de proximidade.

Durante o venres, 28 tendas asociadas participaron nesta campaña de dinamización e promoción do comercio local. A implicación dos comercios tivo a súa repercusión, xa que decenas de persoas acudiron a Melide para aproveitar os prezos especiais desta iniciativa comercial e participar na Choiva de Globos. P3

Flor de Toxo estrea novo Centro de Estética

Flor de Toxo estrea novo Centro de Estética en Melide para ofrecer diversos tratamentos e servizos a súa clientela. Con motivo desta nova, Gema Torre cóntanos todas as novidades do espazo. P4

"A música tradicional ten un pobo detrás"

A agrupación Os Melidaos gañan o Premio Martín Códax da Música Tradicional e para festexalo repasan a súa traxectoria no Cerne. Ademais, comentan as súas claves do éxito e a súa visión da música. P21

EMPRESA

Asetem firma un convenio de colaboración coa empresa CIPRL P10

COMARCA

O concello de Toques contará cun Centro de Día con 25 prazas P17

CULTURA

Eva Mera expón a súa obra no Museo Terra de Melide P22

ENTREVISTA

Javier Mouriño, Intermax Technology P23

ESPOMASA
CTRA MELIDE-TOQUES KM8
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30
SÁBADOS 10:30 a 13:30
el almacén del colchón
by ESPOMASA
N-547, 15800
Furelos, A Coruña
L - S 10:00 a 14:00
16:30 a 20:30

TOP VENTAS
DESCUBRE NUESTROS TOP VENTAS

ALMOHADA VISCO	DESDE	19,90€	BUTACA RELAX	DESDE	249€
COLCHÓN VISCOELÁSTICO	DESDE	99€	SOFA CHAISE	DESDE	299€
CANAPÉ	DESDE	220€	CABECERO CAMA 135/150 + MESITAS		299€

UNIDADES LIMITADAS
TE LO ENVIAMOS A CASA
GARANTÍA DE FÁBRICA
A LOS 30 PRIMEROS CLIENTES UNA ALMOHADA CERVICAL DE REGALO

Tribuna de opinión

Doar órganos, tecidos e sangue, sinónimo de salvar vidas

Varias mans suxeitando un corazón como símbolo das doazóns. / Foto: arquivo

España é líder en doazón de órganos a nivel mundial dende hai 32 anos. De feito, no 2023 realizáronse 5.861 transplantes, 16 cada día. Isto foi posible grazas á xenerosidade de 2.781 doantes, 8 ao día. Ademais, estas cifras baten o propio récord nacional, superando os números previos á pandemia da covid.

Este exercicio de solidariedade, empatía e xenerosidade implica salvar a vida de moitas persoas. Un exemplo disto é Emma, unha cativa que contaba cun fracaso intestinal diagnosticado desde o primeiro mes de vida, polo que se atopaba nun estado de saúde moi deteriorado. Con 13 meses, Emma recibiu o primeiro trasplante de intestino en asistolia que se realizou no mundo, o que lle permitiu recuperar un bo estado de saúde.

Outra doazón moi importante é a de medula ósea, dado que o transplante de medula ósea é a única esperanza para moitos afectados de leucemia e outras enfermidades de sangue. Cada ano 6.000 persoas son diagnosticadas de leucemia en España.

Para que casos como o de Emma sigan a ser unha realidade precísase a doazón de órganos, xa sexa en vida ou logo do falecemento.

Estes feitos tamén son posibles grazas á gran labor dos profesionais sanitarios dos hospitais públicos do Estado español.

Cada persoa, ao doar órganos e tecidos ao falecer, pode salvar ata 8 vidas e mellorar ata 75 máis. Un pequeno xesto que deixa pegada e salva vidas. Sen estes doantes non hai vida.

Outros doantes imprescindibles son os de sangue, nos que Melide é, despois de Santiago, o municipio galego coa taxa máis alta de extraccións de sangue (85,9 por cada 1.000 habitantes). A doazón de sangue é un xesto indoloro e xeneroso que axuda a salvar vidas ante situacións médicas de extrema gravidade, como pode ser no caso dunha hemorraxia.

Doar sangue, órganos e tecidos é sinónimo de salvar vidas.

Editorial

Os ciberdelitos á orde do día

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Un debuxo cun ciberdelincuente "roubando" datos da rede. / Foto: iStock

Nos últimos meses fomos testemuñas, tanto a nivel local como internacional, de diversos incidentes de ciberseguridade que afectaron a hospitais públicos, entidades bancarias, tecnolóxicas e aseguradoras, entre outros.

De feito, a semana pasada coñeciamos a nova de que a Garda Civil investiga a unha veciña de Alxeciras por ciberestafa a un empresario de Melide. Este suceso demostra o sinxelo que pode ser vítima deste tipo de delitos a través da rede, sen necesidade de ser unha gran empresa ou corporación. Por iso, é moi importante que dende as Administracións se ofrezan todas as ferramentas posibles para garantir a seguridade no mundo dixital dos comercios e empresas, así como da propia clientela que merca a través do comercio electrónico.

A ciberseguridade é un dos grandes retos do noso tempo e implicará, máis cedo que tarde, unha inversión por parte dos empresarios e empresarias, ao igual que o son xa os seguros por roubo.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Vanesa de Quinzán
AGRADECEMENTOS: Imprenta Meligraf e Pilar López
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....12
- MELIDE.....13
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....20
- ENTREVISTA.....23

A Noite Aberta repartiu máis de 500 premios entre a clientela, nun venres cheo de descontos e ofertas

Na primeira imaxe, xente esperando para mercar en Mercería Isabel na Noite Aberta. Na segunda, persoas que acudiron á Praza do Convento para a Choiva de Globos da Noite Aberta. / Foto: Asetem - CCA

A Noite Aberta repartiu, o pasado venres, máis de 500 premios entre a clientela, nun día cheo de descontos e ofertas nos establecementos de proximidade.

Durante o venres, 28 tendas asociadas participaron nesta campaña de dinamización e promoción do comercio local. A implicación dos establecementos tivo a súa repercusión, xa que decenas de persoas acudiron a Melide para aproveitar os prezos especiais desta iniciativa comercial e poder participar na Choiva de Globos nos que se soltaron centos de premios.

As responsables do comercios locais valoran de xeito positivo esta edición da Noite Aberta, dado que se incrementaron as vendas con respecto a outros anos, xa que neste caso a cidadanía non dubidou en achegarse ao municipio melidense.

A maiores, a Praza do Convento foi o escenario escollido para a Choiva de Globos, na que se repartiron máis de 500 premios entre as persoas alí presentes logo do peche dos negocios. Entre os agasallos máis destacados, a clientela atopou: vale por un circuíto termal para 2 persoas no Balneario Río Pambre, varios lotes de queixos da Denominación de Orixe Arzúa - Ulloa, ou os centos de regalos e vales cedidos polos establecementos de proximidade asociados.

Ademais, na APP da Asociación empresarial sorteáronse 8 vales de compra de 25 euros para gastar nas tendas asociadas. Neste sorteo entraron os tíckets da Noite Aberta rexistrados a través da aplicación. Unha vez máis, comprar nos negocios locais ten premio.

Dende a directiva de Asetem queren agradecer a todas as persoas que se achegaron a Melide para mercar durante a Noite Aberta, así como a todos os comercios locais que participaron na iniciativa e tamén aos que cederon vales ou agasallos para premiar a clientela que compra nos pequenos negocios.

"A clientela de Flor de Toxo o que busca é estar a gusto tanto a nivel físico como emocional"

Na primeira imaxe a xerente de Flor de Toxo, Gema Torre, nunha das estancias do novo centro. Na segunda, a entrada do novo local de Flor de Toxo na Avenida América en Melide./ Foto: Cerne

- Como xurdiu a idea de cambiar de local?

- Gema Torre: Realmente, o outro espazo quedábaseme enorme e a metade do baixo estaba desaproveitado. A maiores, xurdiu a necesidade de darlle o meu toque ou esencia ao local. O espazo anterior xa o collera así porque fora previamente un centro de estética e para empezar a traballar era o mellor. Unha vez cumpridos os 3 anos con Flor de Toxo en activo decidín que era o momento de darlle unha volta. A miña idea era non moverme desta zona pola clientela e porque estou a gusto nesta parte de Melide, entón foi cando souben que a tinturaría ía pechar por xubilación e dixen este é o meu momento.

Ó ser un local diáfano puiden adaptalo as miñas necesidades e preferencias. Tiña claro que quería un local con moita luz, con cores alegres e con detalles que fosen do meu gusto. De feito, agora entra a xente e dime "isto eres ti".

- A clientela como acolleu este novo baixo?

- G.T: Moi ben. A nivel espazo, a pesares de ser máis pequeno, realmente a clientela non o nota porque seguimos empregando as mesmas cabinas ca no outro. O que máis me destacan as clientelas cando ven o local por primeira vez é a luminosidade.

- Coa mudanza viñeron tamén novidades a Flor de Toxo?

- G.T: Si. Por unha banda, démoslle unha volta aos tratamentos faciais, antes faciamos bioterapias polo tema de que traballamos coa mesma marca, Secretos del Agua, pero agora chamámoslle rituais. Esta diferenza non é só de nome, xa que ampliamos media hora o tratamento, en total 90 minutos. O que isto implica é que os tratamentos van máis ritualizados, comezamos cun barreño de madeira con diferentes produtos onde a clientela mete os pés para axudar a desintoxicar e depurar. Con esta técnica facemos os servizos máis personalizados a cada usuario ou usuaria. Por poñerche un exemplo: chega unha clienta comentando que ten a pel sensible, pois primeiro falamos para coñecer mellor a situación emocional da persoa, a rutina de limpeza, alimentación... para poder meter todos os aspectos no tratamento.

Pola outra banda, incluímos unha nova marca de maquillaxe coa que traballamos. Anteriormente usabamos Aina de Mô e con este novo cambio engadimos Saigu Cosmetics, os dous naturais 100%. Esta última, é unha marca mallorquina con base cremosa, a diferenza de Aina de Mô coa que traballamos en base de po.

- Influíuvos a suba de prezos?

- G.T: Non nos inflúe de cara á clientela por ven que todo sube. Nós, ao final, das veces que subimos os prezos non o fixemos en xaneiro, esperamos ao momento no que nos suban a nós. Ademais, as subas que se fan son pequenas, nos produtos son un 50 céntimos ou como moito 1 euro e é o que subo eu nas tarifas. A xente que está acostumada a realizar este tipo de tratamentos 1 euro non lle supón nada e máis aínda se lle aportas novidades.

- Dirías que cada vez nos preocupamos máis polo noso benestar físico?

- G.T: Si, isto é algo que xa vén de moi atrás pero creo que inflúen moito as redes sociais. Actualmente, as persoas buscan o corpo 10 cando iso non existe. A xente ten que darse de conta da cantidade de filtros que se empregan nas redes sociais, non é realmente o seu aspecto físico.

Non obstante, penso que o público que acude a Flor de Toxo non busca ese corpo ou cara perfecto que se ensina nas redes sociais, buscan tratar un problema en concreto na pel ou para estar máis a gusto tanto a nivel físico como emocional. A clientela que vén aquí non o fai por unha engurra, faino porque igual nota a pel máis seca ou apagada.

Ademais, outro motivo polo que acoden a nós e que cabe destacar son persoas que pasaron ou están pasando por un cancro, xa que os nosos tratamentos son compatibles e non teñen contraindicacións; é máis, ata os oncólogos recomendan estas bioterapias e a cosmética que empregamos porque está totalmente libre de química.

- Aumentou a clientela masculina?

- G.T: Si, dende fai un ano nótoo moito. Cada vez a poboación masculina preocúpase máis polo seu aspecto físico. Soen apostar máis por tratamentos en concreto e, normalmente, o primeiro contacto co centro é a través dunha tarxeta regalo. Unha vez que proban gústalles e comezan a vir máis asiduamente. Este auxe entre os clientes vén moito da xente máis nova, de rapaces a partir dos 15 ou 16 anos. De feito, moitos aproveitan que teñen cita en Daniel's Barber para cortar o pelo e despois xa pasan por aquí para facerse as cellas.

- Hai moita diferenza entre os servizos que demanda a clientela entre o verán e o inverno?

- G.T: Algo si porque no inverno soen facer máis tratamentos de mantemento e relaxantes, porén no verán demandan máis pedicuras ou manicuras, cousas máis rápidas.

- Cal é o valor engadido de Flor de Toxo?

- G.T: A cosmética natural e as terapias olísticas. O tema da cosmética natural cada vez está máis valorado pola xente, xa que aumentaron os problemas de pel na poboación e veñen en busca deses tratamentos.

Asetem celebrará o 28 de xuño a súa Asemblea Xeral Ordinaria ás 20:30h

Pilar López falando diante dos socios/as na última Asemblea. / Foto: Asetem

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide celebrará o venres, 28 de xuño, a súa Asemblea Xeral Ordinaria deste ano ás 20:30h, en primeira convocatoria, e ás 21:00h, en segunda.

Nesta xuntanza de socios e socias da entidade empresarial darase conta das actividades que se celebraron nos primeiros meses do ano e programarase a segunda parte de iniciativas para promover as compras e o consumo dos establecementos de proximidade. A maiores, amosaranse as contas anuais da Asociación que están dispoñibles para aqueles socios ou socias que decidan consultalas. Tamén se explicarán as diversas axudas económicas solicitadas ás diferentes Administracións para financiar as campañas e actividades.

Ademais, para rematar a Asemblea os asociados e asociadas poderán comentar as súas impresións, suxestións ou iniciativas que lles gustaría que Asetem realizara para beneficiar os distintos sectores que forman a Asociación. Dende a directiva convidan a todos a asistir.

O paro continúa na senda do descenso no mes de maio

Unha persoa diante dunha Oficina de Emprego. / Foto de arquivo

Os datos do paro continúan na senda do descenso no mes de maio, con 26 persoas desempregadas menos na comarca da Terra de Melide.

Nesta ocasión, en todos os concellos descende o desemprego. As cifras separadas por municipios quedan do seguinte xeito: Melide, 17 parados menos; en Santiso e Sobrado 4 persoas atoparon traballo; e, por último, Toques queda cun parado menos.

O Bono Remuda destina 1'5 millóns de euros para garantir o mantemento dos negocios como xeradores de riqueza

A nova edición do Bono Remuda destina 1'5 millóns de euros para garantir o mantemento dos negocios como dinamizadores do territorio e xeradores de emprego e riqueza.

A remuda deberá estar motivada pola xubilación ou pola proximidade da idade de xubilación da persoa titular do establecemento. Tamén por causas sobrevidas como incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou falecemento, e deben terse producido entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2024.

As persoas que poden beneficiarse deste programa de axudas son traballadoras ou traballadores autónomos dados de alta no RETA, incluídas sociedades de calquera clase e comunidades de bens, con domicilio fiscal en Galicia e que cumpra os seguintes requisitos: que o negocio obxecto de remuda teña domicilio fiscal en territorio galego e unha antigüidade mínima de 5 anos. Que non transcorresen máis de 12 meses dende a baixa no RETA e no IAE do anterior titular do negocio e a publicación desta subvención, e que se trate da mesma actividade e se desenvolva no mesmo local. O negocio obxecto de remuda ten que estar inscrito na Bolsa de Remuda da Rede de Polos de Emprendemento, agás as realizadas antes da publicación desta subvención (6/06/2024). A transmisión do negocio ten que realizarse mediante un contrato de traspaso ou venda do mesmo, elevado a escritura pública, no cal deberá constar o prezo total e a indicación expresa da remuda como obxecto do contrato.

Imaxe na que se representa o cambio xeracional dun negocio como ós que vai destina esta axuda. / Foto: Xunta de Galicia

O Bono Remuda subvenciona o prezo, sen IVE, estipulado no contrato de remuda. Esta subvención divídese en dúas categorías: Remuda Rural e Remuda Xeral. Na primeira, pertencente aos concellos de menos de 5.000 habitantes, a cuantía ascende ao 75% do prezo de contrato de remuda. Na segunda modalidade, para concellos de 5.000 habitantes ou máis, a axuda será do 70% do prezo do contrato de remuda.

Os gastos subvencionables serán os realizados e pagados entre o 1 de xaneiro do 2024 e o 31 de outubro do mesmo ano, agás nos casos de acceso á remuda mediante alugamento do local ou medios produtivos.

O prazo de solicitude desta subvención rematará o 31 de outubro de 2024.

O Goberno do Estado elimina o despido automático por incapacidade permanente

Unha persoa con discapacidade no seu posto de traballo adaptado as súas necesidades. / Foto: iStock

O Goberno do Estado elimina o despido automático por incapacidade permanente, a través da reforma do artigo 49.1 do Estatuto dos Traballadores. Isto evitará que as persoas que accedan á situación de incapacidade permanente, total, absoluta ou gran invalidez sexan despedidas sen outra opción.

A partir de agora, a persoa con diversidade funcional poderá escoller se quere extinguir a súa relación laboral ou se quere permanecer no seu posto de traballo, neste último caso será obrigatorio que a empresa realice os axustes razoables para adaptar o seu posto. O traballador ou traballadora tamén poderá solicitar o cambio a outro posto vacante e dispoñible, acorde co seu perfil profesional e compatible coa súa nova situación.

O texto aprobado polo Consello de Ministros, que recolle o acordo acadado co Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, especifica os criterios para determinar que custos son asumibles para que as empresas axusten os postos e cales poderían sufragarse con axudas ou subvencións públicas de maneira parcial e total.

Yolanda Díaz, vicepresidenta e ministra de Traballo e Economía Social, afirmou que "dicirlle a alguén que, porque sofre unha discapacidade de carácter permanente nos distintos graos, ten que ser despedido, supón a morte civil desta persoa", algo que con esta reforma se vai corrixir.

Ademais, o Goberno do Estado vén de aprobar un Real Decreto-lei polo que se reforma o subsidio asistencial por desemprego. Con esta normativa poderase compatibilizar esta axuda cun emprego por conta allea, cuxo salario bruto mensual non supere o 375% do Indicador Público de Rendas con Efectos Múltiples (Iprem), isto é, 2.250 euros ao mes.

O subsidio por desemprego será compatible cun salario. En ambos casos, esta compatibilidade instrumentarase a través do que se denomina "complemento apoio ao emprego", que se poderá prolongar durante un período máximo de 180 días.

A maiores, o subsidio será compatible coa percepción dunha beca, tal e como afirmaron dende o Ministerio de Traballo logo de aprobar este novo Real Decreto-lei.

A Xunta lanza o novo programa de 1ª experiencia profesional para impulsar a contratación de menores de 30 anos nas empresas

A Xunta de Galicia lanza o novo programa de 1ª experiencia profesional para incentivar a contratación de menores de 30 anos por parte de empresas, persoas traballadoras autónomas, sociedades civís e comunidades de bens coa previsión de incorporar entre 250 e 410 persoas en toda a Comunidade. A Administración subvencionará ata preto de 20.000 euros por persoa contratada para apoiar así a empregabilidade da mocidade mediante contratos formativos de 12 meses de duración, dotándoa de competencias para poder acceder a un emprego estable e de calidade.

En virtude desta nova orde, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración "busca mellorar a empregabilidade deste colectivo prioritario nas súas políticas, contribuíndo a reter o talento xuvenil en Galicia", comentan dende a Xunta. Neste caso, trátase dun programa mixto, que ademais de impulsar con apoios económicos a contratación a tempo completo, ofrece formación en competencias brandas, unha combinación de habilidades sociais e de comunicación, actitudes, intelixencia social e emocional moi demandadas polo mercado laboral.

Coa finalidade de atender as necesidades específicas de emprego no tramo de idade de menores de 30 anos, artíllanse dúas liñas concretas de axuda: a primeira, para contratar mozas e mozos con titulación ou certificación profesional; e a segunda, para brindar unha oportunidade tamén a quen careza de cualificación profesional recoñecida.

Nas dúas liñas de axuda, os contratos formativos que se concerten deben ir dirixidos a menores de 30 anos que residan en territorio galego e que se atopen en situación de desemprego e con inscrición no Servizo Público de Emprego. Así, facilitaráselles un período de práctica profesional acompañada dun proceso de formación para o emprego abrindo camiño á súa inserción laboral xa que, unha vez rematado o proceso, contarán coas competencias para poder acceder a un emprego estable.

A Administración autonómica pretende chegar con este programa a entre 250 e 410 persoas mozas desempregadas. Coas axudas dáse cobertura aos custos salariais dos postos, con contías que van dos 9.975 euros aos 16.625 segundo ese criterio. A esas cantidades, hai que sumar as destinadas á formación, 1.700 euros no caso de ser presencial e 850 en formato de teleformación.

Un rapaz novo realizando o seu traballo na empresa. / Foto: iStock

As empresas interesadas en optar ás axudas (calquera que sexa a súa forma xurídica) terán de prazo para presentar as súas solicitudes ata o vindeiro 30 de setembro de 2024 ou esgotamento de crédito.

Este programa forma parte do paquete de medidas da Xunta para o fomento do emprego xuvenil.

Neste plan da Administración autonómica, ademais desta iniciativa de contratación enmárcanse o programa Investigo para a xeración de emprego xuvenil no eido da investigación, así como os obradoiros de emprego para persoas mozas.

PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

NUEVA
UBICACIÓN

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

Arrincan os Días Azuis do comercio galego con 20.000 euros en premios



Electrosan co cartel dos Días Azuis no interior do comercio. / Foto: Asetem

A Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galicia organizan a campaña dos Días Azuis do comercio galego con 20.000 euros en premios, repartidos en tarxetas prepago de 250 e 150 euros.

Ata o vindeiro 30 de xuño, as persoas que compren nos establecementos de proximidade poden rexistrar a súa compra para entrar no sorteo destas tarxetas prepago. O método de rexistro é moi sinxelo, chega con entrar na páxina web www.diasazuis.com e sacar unha foto do tícket para rexistrar a compra, este proceso tamén o pode realizar a persoa responsable do comercio para que a clientela teña o dobre de posibilidades.

O sorteo realizarase o martes 2 xullo, ante notario, e comunicarase posteriormente o nome dos gañadores ou gañadoras.

Esta iniciativa realizase en colaboración coas asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos, federacións provinciais e Abanca. O obxectivo desta campaña é contribuír a fomentar as compras nos establecementos físicos, achegando ao consumidor as nosas rúas e tendas. Todo isto, co incentivo engadido de poder gañar un dos premios a sortear nesta iniciativa e poder volver a mercar nos comercios locais, dado que as tarxetas prepago dos premiados ou premiadas debe gastarse nas tendas de proximidade.

Asetem ofrece un curso de Factura Electrónica

Parte do cartel do taller de facturación electrónica. / Foto: Acelera Pyme Rural

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide ofrece un curso de Factura Electrónica este venres, 14 de xuño, ás 9:00 horas no Salón de Actos da entidade empresarial.

A obrigatoriedade da facturación electrónica está cada vez máis próxima, polo que nesta formación os empresarios e empresarias asistentes formaranse neste ámbito.

Este taller presencial é totalmente gratuíto e, para acudir, é necesario anotarse escribindo a: info@asetem.com ou chamando ao 981 50 61 88.

Campaña Días Azuis do Comercio Galego. Federación Galega de Comercio. Ronda Muralla, 52-Ent. D. 27002-Lugo. CIF: G-27170158
Información a bases da campaña en www.diasazuis.com (Bases depositadas ante notario) ou no teléfono gratuito 900 103 087

días azuis

DO COMERCIO GALEGO

Do 10 ao 30 de xuño 2024

Mercar no comercio local ten premio!

20.000€

en tarxetas prepago de 250€ e 150€

Rexistra a túa compra en diasazuis.com

Sorteo ante notario 2 de xullo de 2024

XUNTA DE GALICIA

FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO

Colaboran

//ABANCA Novogal femxa comerciogalicia.es

Séguenos en

Federación Galega de Comercio
@comerciogalicia

#díasazuis

Asetem firma un convenio de colaboración coa empresa de formación CIPRL para ofrecer vantaxes aos asociados

Rodrigo Fernández, vicepresidente de Asetem, e Isabel Novo, da empresa CIPRL na firma do convenio. / Foto: Asetem

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide firma un convenio de colaboración coa empresa de formación CIPRL (Consultoría Integral Prevención de Riscos Laborais) para ofrecer vantaxes aos asociados e asociadas.

Rodrigo Fernández Pombo, vicepresidente de Asetem, e Isabel Novo Bello, directora comercial de CIPRL, foron os encargados de firmar este acordo entre as dúas entidades o pasado xoves, 5 de xuño, nas instalacións de Asetem.

Con esta sinatura a Asociación empresarial dispón dunha entidade acreditada como CIPRL, que garanta aos seus socios e socias a información suficiente con criterios profesionais (certificados por APPLUS, tanto en Calidade Medio Ambiente, Seguridade Social e Seguridade na Información) e condicións especiais no referente á Prevención de Riscos Laborais e Formación obrigatoria.

Grazas a este convenio, as empresas pertencentes á Asociación contarán con descontos no prezo dos cursos ofertados por CIPRL.

Esta empresa ofrece servizos nas 4 especialidades de prevención: seguridade, hixiene industrial, medicina no traballo e ergonomía e psicosocioloxía.

A maiores, CIPRL pechou un acordo coa empresa asociada Suministros Cire en Melide, para realizar nas súas instalacións todo tipo de formacións do convenio que necesiten as empresas da zona (carretillas, plataformas, elevadores, etc). Deste xeito, calquera acción formativa que necesite unha empresa, realizarase a parte teórica nas aulas de Asetem e a parte práctica nas instalacións de Suministros Cire, sempre que se consiga xuntar un grupo dun mínimo de traballadores e traballadoras que poden ser de varias empresas.

A directora comercial de CIPRL, Isabel Novo, está dispoñible para visitar de maneira presencial aos representantes dos establecementos e empresas asociadas, para resolver dúbidas ou obter máis información sobre estes cursos. Se os asociados e asociadas queren contactar con Isabel Novo, pode pedir o seu contacto a través de Asetem.

A duración da colaboración é dun ano, contado desde a firma do convenio (é dicir, ata xuño do 2025). Esta sinatura non se renovará se calquera das partes renuncia a facelo.

Dende a directiva da Asociación empresarial agradecen a dispoñibilidade de CIPRL e as vantaxes en canto a condicións dos seus servizos de cara aos asociados e asociadas.

Máis de 20.000 persoas asistiron á manifestación convocada pola Plataforma Ulloa Viva para dicir "Altri non" en Palas de Rei

Milleiros de persoas chegadas de diversos puntos de Galicia ateigaron o pasado domingo 26 de maio Palas de Rei cun berro común: "Altri non". Esta manifestación, convocada pola Plataforma Ulloa Viva, reuniu a máis de 20.000 persoas (a poboación de Palas de Rei multiplicada por sete), ataviados con pancartas e bandeiras para deixar clara a súa posición en contra da instalación da celulosa de Altri Greenalia neste municipio lucense. Nesta convocatoria estivo presente xente de toda Galicia, de localidades como: Cangas, Lugo, Coruña, Illa da Arousa, Santiago, Pontevedra, Santiso, Melide, Antas de Ulla ou Monterroso, entre outras.

Milleiros de persoas polas rúas de Palas de Rei durante a manifestación do 26 de maio. / Foto: Plataforma Ulloa Viva

A voceira da Plataforma, Marta Gontá, agradeceu os apoios recibidos durante a xornada pero tamén cos que Ulla Viva está a contar dende fai meses. A manifestación rematou na Praza da Feira de Palas de Rei, con máis de 20.000 persoas berrando lemas como: "Altri non", "a auga é nosa e non da celulosa" ou "Galicia está aquí, Rueda en Madrid". Esta última frase referente ao presidente da Xunta de Galicia que, ese mesmo día, asistía a unha manifestación convocado polo Partido Popular en Madrid en contra da Lei de Amnistía.

Gontá definiu esta resposta masiva da cidadanía galega contra a macrocelulosa como "o segundo golpe na mesa, o primeiro foron as máis de 25.000 alegacións presentadas ao proxecto, un número histórico". A voceira da Plataforma Ulloa Viva, rodeada da veciñanza da Terra de Melide, Arzúa, o Deza e a Ulloa, asociacións, colectivos ecoloxistas, sindicatos e partidos políticos, explicou que "estamos aquí para que nos poñan cara e dicirlles que non queremos este proxecto extractivista que vai contra o noso modelo de vida".

Marta Gontá, tamén comentou, "o que pretenden é privatizar recursos e bens que son de todos e todas nós para que se lucren catro e que sexan aínda máis ricos". Por iso, a voceira da Plataforma pediu aos partidos políticos "que nos digan de que lado están". Dixo que "neste problema metéronnos decisións políticas".

A manifestación percorreu 1'5 quilómetros entre o Polígono de Palas de Rei e a Praza da Feira, foron máis de 40 os autobuses que transportaron xente de toda Galicia a Palas de Rei, chegados dende Santiago, A Coruña, Vigo, O Morrazo, Lugo ou Pontevedra. Os máis de 20.000 manifestantes desbordaron as rúas do municipio palense para dicir alto e claro: "Altri non". O éxito da convocatoria foi incontestable, dado que dende unha hora antes do comezo da manifestación no Polígono de Palas de Rei xa se congregaban milleiros de persoas. De feito, moitas das persoas asistentes chegaron máis tarde da hora prevista polos atascos provocados nas localidades veciñas de Melide e Arzúa, tendo que a Garda Civil cortar o acceso a Palas de Rei.

A multitudinaria manifestación ateigou a Praza da Feira da vila, onde rodeadas de veciños e veciñas, Maika Sánchez Fuciños (veciña de O Sexo, Agolada) e Mónica Cea (veciña da Vacariza, Palas de Rei) leron emocionadas o manifesto entre aplausos e berros en contra de Altri dos alí presentes. As dúas representantes da Plataforma Ulloa Viva colocaron aos presentes no ano 2030, coa lembranza dun 26 de maio de 2024 "no que todo empezou a cambiar". Falaron que "ríos de xente de toda Galicia asolagaron as rúas para defender o río que a celulosa quería matar. E sabedes que? Malia todo o poder e diñeiro dos promotores, gañamos. Conseguimos parar aquel terrible despropósito".

No seu relato, Maika e Mónica amosáronse "orgullosas de ter, no canto dunha paisaxe monocroma de eucaliptos, un mosaico rico que favorece a todos os sectores".

"Nesta Terra do Medio, as comarcas do corazón xeográfico de Galicia, son un lugar en rexeneración. Son unha oportunidade para poder desenvolver economía sostible, onde se traballe co territorio protexéndoo. Porque dependemos da terra, da auga e do aire. Eses e non a cobiza desmedida duns poucos son os alicerces das nosas vidas". Falaron tamén da xente nova que escolle A Ulloa, Melide, Arzúa, Agolada ou Santiso para se asentar. "Na terra dos nosos avós hai futuro, madia leva que o hai. Vémolo e estamos orgullosas, como o estamos das nosas raíces agrogandeiras, as que nos alimentaron, aliméntannos e seguen a ser esenciais".

No manifesto dixeron "basta a que non se nos escoite, que máis de 25.000 alegacións son motivo suficiente para parar o proxecto". Ademais, afirmaron que "defendemos con todo o noso corazón a terra, o aire e a auga e por iso dixemos, e dicimos, que xa chega de Altri, de Greenalias e de Greenfibers". Tamén deixaron claro no manifesto que "non é desenvolvemento, non é progreso: chámase espolio".

Ademais, a Plataforma Ulloa Viva e en Defensa da Ría de Arousa convocan unha mobilización para o domingo 30 de xuño, co fin de rodear o edificio de San Caetano en Santiago de Compostela.

Algúns dos asistentes na Praza da Feira de Palas de Rei. / Foto: P. Ulloa Viva

Os profesores que non o son

Andamos nos días nos que miles de mozos e mozas se examinan da ABAU -antiga Selectividade-, que marcará a escolla do oficio que exercerán en poucos anos.

Para chegaren ata aí, a rapazada pasou por -polo menos- 15 anos de escolarización, nos que os mestres e os compañeiros pasan tanto tempo na vida dos estudantes coma os propios pais e nais que os crían. Cadra ademais este arco de idade coa etapa de desenvolvemento do cerebro, coa formación das bases sobre as que se creará a persoa que serán nun futuro, e coa fase da vida na que se constrúen os soños, as ilusións polo que virá, e a perspectiva esperanzadora de toda unha vida por diante.

Agora que está tan en moda adaptar e copiar comportamentos dos chamados "influencers" das redes sociais, é ben lembrar que antes ca todo iso, os primeiros grandes influencers sobre os nosos fillos e fillas -fóra do ámbito familiar- son os mestres. E aquí acae este artigo seguramente pouco aplaudido, pero que quere deixar constancia das dúas caras da realidade do ámbito educativo.

Nesta mesma columna tense falado da influencia positiva dalgúns profesores, dalgúns dos cales teño tido a sorte de ter sido alumna. Un mestre con vocación, con ganas de formar persoas, con empatía e amor pola educación é capaz de xerar ganas e ilusión onde non as hai, e ter un papel fundamental no camiño que escolla un neno ou adolescente para o seu futuro. Pero, así tamén, e tristemente, abundan cada vez máis os profesores capaces de destruír vocacións, aniquilar motivacións, autoestimas, ilusións e apego polo mundo académico, e por calquera tipo de formación.

Vaia por diante que, sendo conscientes do esforzo diario que supón estar sempre centrado, e tratar con material tan sensible como é a natureza humana en estado de desenvolvemento, a
profesión do docente debería ter un recoñecemento (social e económico), un apoio, un prestixio e un respecto que está moi lonxe de ter. E isto é un problema de sociedade, de Estado que vai máis aló do persoal. En cambio hai cousas que si teñen unha única solución persoal: a forma na que un mestre despótico pode destruir o camiño dun alumno ten pouca volta atrás. A loita de egos dalgúns profesores que se enfrontan en termos de madurez ao alumnado que teñen diante non debería medirse nunha aula, onde os mestres están para axudar a medrar, a desenvolver capacidades, e non a ser protagonistas de aulas que suspenden masivamente, porque ninguén "está ao nivel".

Unha carreira coma xornalismo, por exemplo, precisaba cando eu entrei nela unha das notas máis altas da selectividade. En cambio, para Maxisterio non se esixía nada, máis ca unha vocación que se presupoñía. O tempo está demostrando que nos equivocamos, relegando a segundos e terceiros planos a profesionais que deberían estar no primeiro, porque son moldeadores de cabezas, influencers de pensamento e acompañantes no camiño da madurez. E para todo iso, para crear persoas, críticas e válidas ante este mundo abrasado de estímulos, ás veces, polo visto, vaise perdendo polo camiño a vocación. Nestes casos non debería bastar con aprobar unha oposición porque, coma nos enxertos, unha mala guía, no tempo de prender o enxerto, fará que nunca ben endereite. E nestas árbores non hai segundas oportunidades.

Vanesa de Quinzán

Melide entregará as súas Medallas de Ouro

A Medalla de Ouro de Melide, distinción do municipio. / Foto de arquivo

O Concello de Melide entregará as súas Medallas de Ouro o domingo 30 de xuño a: Leonardo Miguélez e Jesús Carlos Pampín.

O alcalde da vila, José Manuel Pérez, sinalou que estas dúas persoas constitúen un referente para toda a veciñanza melidá e amosou a súa satisfacción pola unanimidade acada, xa que todos os grupos que forman o Pleno municipal votaron a favor desta proposta.

O Concello recibiu a doazón de varias propiedades na parroquia de Furelos

O Concello de Melide recibiu, baixo a fórmula de doazón, catro parcelas na parroquia de Furelos que destinará a servizos orientados ao benestar das persoas maiores de 65 anos. Cumprirá así coas derradeiras vontades dos propietarios orixinais, Liduvina López Mosquera e Manuel José Fernández Taboada, que estipularon en candaseu testamento que se destinasen as propiedades a obras e atencións en beneficio da terceira idade de Melide. Con este obxectivo, os testamentos tamén contemplaron que o director do Centro de Servizos Sociais da vila e o cura párroco da localidade fosen os albaceas das devanditas propiedades para o cumprimento da súa finalidade.

José Manuel Pérez, José Manuel Melle e Miguel Pampín. / Foto: C. Melide

O Concello acepta deste modo a doazón efectuada, como albaceas, por José Manuel Melle Parajuá en calidade de sacerdote de Melide, e por Miguel Pampín Rúa na de director do Centro de Servizos Sociais. A adquisición realizouse en réxime de doazón polo procedemento de adxudicación directa a título gratuíto sen carga nin gravames.

As catro parcelas serán destinadas, en cumprimento dos expresos desexos dos propietarios orixinais, as obras e atencións en beneficio dos servizos sociais do municipio, con carácter exclusivo. O alcalde agradeceu o xesto dos propietarios orixinais das parcelas e dos albaceas.

O Club de Saúde melidense comeza a súa andaina para mellorar a saúde integral e o benestar dos pacientes nas contornas rurais

Membros da Asociación Española Contra o Cancro, voluntarias e representantes do Concello. / Foto: Concello Melide

O Club de Saúde melidense comeza a súa andaina este mércores, 12 de xuño, para mellorar a saúde integral e o benestar dos pacientes nas contornas rurais.

A Asociación Española Contra o Cancro presentou esta iniciativa en colaboración co Concello de Melide e explicou que os Clubes de Saúde da Asociación "están deseñados para mellorar a saúde integral (física, emocional e social) das persoas no rural, proporcionando ferramentas para fomentar un maior benestar", e conta co apoio da Consellería de Sanidade.

Esta iniciativa en Melide é un proxecto pioneiro que busca facilitar o acceso a recursos de saúde integral, especialmente en áreas onde estes servizos poden ser menos accesibles, fomentando o concepto de equidade que a Asociación defende. O Club de Saúde está dirixido a pacientes con cancro, superviventes e os seus familiares, ofrece un espazo semanal de encontro e apoio. Entre as actividades que se realizarán por un equipo de profesionais especializados e voluntarios ou voluntarias da Asociación, inclúense talleres sobre nutrición, exercicio físico adaptado, promoción de hábitos saudables, desenvolvemento de habilidades no manexo de emocións, e actividades que promoven a inclusión social e o benestar comunitario. A maiores de Melide, Cedeira e Vimianzo tamén acollen este proxecto piloto.

O Club de Saúde melidense realizarase no Centro de Saúde da localidade, de 17:00 a 18:30 horas dende este mércores 12 de xuño ata o vindeiro 4 de decembro do 2024. A participación nesta iniciativa é completamente gratuíta, requirindo unicamente dunha derivación por parte do médico ou médica de cabeceira, ou a través das voluntarias da Asociación Española Contra o Cancro no municipio.

O alcalde de Melide, José Manuel Pérez, manifestou na presentación do Club que "é unha honra poder colaborar coa Asociación Española Contra o Cancro neste proxecto tan necesario". Ademais, engadiu "un recurso coma este tan cerca das casas dos pacientes oncolóxicos da vila e das súas familias é moi importante para facilitar a estas persoas unha atención adecuada que non poña máis trabas e dificultades no seu camiño".

Últimas xornadas para inscribirse nos Campamentos de Verán da vila



Varios nenos e nenas xogando nun campamento de verán. / Foto: iStock

Últimas xornadas para anotarse nos Campamentos de Verán da vila para nenos e nenas de entre 4 a 15 anos. A data para inscribirse remata este venres, 14 de xuño.

O Concello de Melide organiza, un ano máis, uns campamentos durante os meses non lectivos para axudar á conciliación das familias. Esta iniciativa terá dúas vertentes: lúdica e deportiva. O campamento lúdico está destinado a crianzas de 4 a 12 anos e o deportivo para rapaces e rapazas 8 a 15 anos.

Estas actividades de conciliación celebraranse dende o 24 de xuño ata o 9 de agosto, en horario de 8:45 a 14:15 horas. A inscrición faise por semanas, polo que as crianzas non teñen porque ir durante todo o período de campamento, só as semanas sinaladas. Para anotarse é preciso acudir ao rexistro do Concello de Melide ou cubrir a solicitude a través da sede electrónica da Administración local. O prezo é de 16 euros por semana con desconto do 50% a partir do 2º fillo ou filla.

As prazas para esta actividade son limitadas, os empadroados e empadroadas no municipio terán preferencia.

Melide festexa o San Antón con Estrellas e Manhattan

O cartel da Festa de San Antón deste ano en Melide. / Foto: Escala Espectáculos

A vila de Melide festexa o San Antón este xoves, 13 de xuño, co dúo Estrellas e a agrupación Manhattan na Praza do Convento.

A xornada festiva comeza ás 13:00h cunha misa na honra a San Antón e continúa ás 13:30h coa sesión vermú co dúo Estrellas. Pola tarde, misa solemne ás 20:00 horas, de seguido haberá procesión pola rúas do municipio e, para rematar, ás 21:00h toca verbena a cargo de Estrellas e Manhattan. Durante a verbena sortearase un porco.

O IX Festival Motorock Milli - Riders fará ruxir os motores o 29 de xuño

O grupo The Nunzia's que actuarán o sábado 29 de xuño no IX Festival Motorock Mill-Riders. / Foto: The Nunzia's

O sábado 29 de xuño, o IX Festival Motorock Milli - Riders fará ruxir os motores en Melide cunha programación chea de música, rutas e motos.

A Praza das Coles acollerá os concertos deste festival a cargo de: Somoza Trio, The Nunzia's e Pulpiño Vascon.

A maiores, a partir das 11:00 horas haberá ruta moteira pola comarca con pichos para as persoas participantes.

Un ano máis, o club de motos do municipio organiza un dos festivais máis roqueiros da zona. Os moteiros e moteiras interesadas en participar nas actividades ou que precisen máis información poden contactar cos membros da organización chamando ao 619 90 46 95 ou 629 40 26 52.

O IES de Melide contará cun novo ciclo superior



Imaxe de promoción do novo Ciclo de Deseño e Amoblamento. / Foto: IES

O IES de Melide aumenta a súa oferta de Ciclos Formativos engadindo o Ciclo Superior Dual en Deseño e Amoblamento, para o próximo curso 2024 - 2025.

Esta nova formación contará con 20 prazas para as persoas interesadas en formarse neste eido.

Neste Ciclo o alumnado aprenderá a deseñar mobles e elementos de carpintería, xestionar a súa produción e instalación, así como participar no mantemento de sistemas de calidade.

Concello de Melide

AXENDA CULTURAL

XUÑO 2024

VENRES, 31 MAIO
Pavillón polideportivo / 18:30 h
CLAUSURA ESCOLAS DEPORTIVAS

SÁBADO, 1 XUÑO
Centro sociocultural Mingos de Pita / 18:30 h
CLAUSURA ESCOLAS CULTURAIS

DOMINGO, 2 XUÑO
CELEBRACIÓN DO DÍA DE CORPUS. Alfombras florais

MARTES, 4 XUÑO
Centro Social / 17:15 h
CHARLA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE AFECTADOS POR TRANSPLANTES MEDULARES

SÁBADO, 8 XUÑO
Centro sociocultural Mingos de Pita / 19:30h
FESTIVAL DE HABANERAS NO CAMIÑO DE SANTIAGO
ORGANIZA: CORAL POLIFÓNICA DE MELIDE

DOMINGO, 9 XUÑO
CONCURSO DE BAILE SANTIAGUIÑOS DE BOIMORTO
ORGANIZA: ASOCIACIÓN SANTIGUIÑOS DE BOIMORTO

14, 15 e 16 XUÑO
OS 21 DO CAMIÑO
ORGANIZA: ASOCIACIÓN DEPORTIVA CERNE

MÉRCORES, 19 XUÑO
Centro sociocultural Mingos de Pita / 20:00h
CONCERTO DE FIN DE CURSO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE MELIDE

SÁBADO, 22 XUÑO
Sala de conferencias do Edificio Multiusos / 20:00h
Documental
SEGADORES DA ÓRREA EN TERRAS DE CASTELA. UNHA HISTORIA DE HÉROES

SÁBADO, 29 XUÑO
12:00 h casa do concello
ACTO DE ENTREGA DE MEDALLA DE OURO DO CONCELLO DE MELIDE
18:00 h: A pé de rúa
PERCORRIDO MUSICAL POLA VILA DE MELIDE
ORGANIZA: ESCOLA DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL HERBA GRILEIRA
21:00 h praza do Convento
CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DE VISANTOÑA

IX FESTIVAL MOTOROCK MILLÍ-RIDERS

Jacarandá

Café ecolóxico de comercio xusto La Barista
Almorzos, comidas, merendas e ceas

Rúa Otero Pedrayo, 12
Melide (A Coruña)
881 95 70 74
@jacaranda_melide

MYHNOR

Fabricación de formigón e transporte. Entrega nun estado listo para aplicar onde se solicite. Formigón clasificado segundo resistencia e dosificación. Presupostos sen compromiso.

Polígono Industrial A Madanela
Melide (A Coruña) - 15800
981 17 36 16

PAZO EIDIÁN

Ven e descúbreo!

Lugar de Eidián, 5
Agolada (Pontevedra)
623 410 065

IMPRENTA Meligraf

- Impresión Offset
- Impresión Digital
- Acabados

Teléfono/ Fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

Toques contará cun Centro de Día municipal con 25 prazas para o coidado dos maiores



O alcalde de Toques, José Ángel Penas, co xerente do Consorcio Galego no municipio de Toques. / Foto: Xunta de Galicia

O concello de Toques contará cun Centro de Día municipal con 25 prazas para o coidado das persoas maiores.

A Xunta de Galicia financiará máis do 80% do prezo das obras do futuro Centro de Día para os usuarios e usuarias maiores que, a Administración local proxecta nunha parcela de propiedade municipal, ocupada actualmente pola antiga escola. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, acompañado polo alcalde de Toques, José Ángel Penas, visitou hai unhas semanas as instalacións que acollerán este novo servizo. A xestión do Centro de Día será tarefa do Concello e o Executivo autonómico subvencionará a súa construción con algo máis de 283.000 euros.

Esta axuda económica para este novo servizo para persoas maiores en Toques está dentro dun Plan, dotado con 18'5 millóns de euros, acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias no que se financiarán unha vintena de proxectos. Esta iniciativa implicará a creación de 500 prazas públicas de residencia e outras 150 de atención diúrna.

A Escola de Música de Visantoña dará un festival o 21 de xuño

A Banda de Música de Visantoña nunha actuación. / Foto: Turismo Melide

A Escola de Música Eugenio Pazos Reyes dará un festival de fin de curso o vindeiro venres, 21 de xuño, ás 19:00 horas no Multiusos de Visantoña.

O alumnado da Escola de Música quere despedir o curso 2023-2024 e darlle a benvida ao verán na compañía do público. Neste festival as persoas asistentes poderán comprobar moitas das lecciónsaprendidas durante estes meses por parte dos rapaces e rapazas que forman esta Escola.

Esta é unha das moitas iniciativas que dende esta entidade musical organizan ao longo do curso para o desfrute de músicos e público. A Escola de Música Eugenio Pazos Reyes conta cun gran número de alumnos e alumnas, todo un referente na contorna.

C/ RONDA DE CORUÑA
MELIDE · 981 50 60 97
(E-15001259)

Pide tu cita
afflelou.es

ALAIN AFFLELOU
Óptico y Audiólogo

*Oferta válida durante todo este año en los centros de audiología de ALAIN AFFLELOU en España. Ver condiciones en el centro de audiología y audiología.afflelou.es. Financiación ofrecida y sujeta a la aprobación de PEPPER FINANCE CORPORATION, S.L.U. CIF: B86961612. C/Juan Esplandiú, 13, planta C1, Madrid 28007. HYPERLINK www.pepperfinance.es. Ejemplo de financiación de 1.991,00 € en 37 meses, sin comisión de apertura (0,00 €). 36 cuotas de 47,00 € + 1 última cuota residual de 299,00 € en el caso de que el cliente no desee renovar sus audífonos bajo el plan Infinity. TIN 0,00%. TAE 0,00%. Importe Total de Crédito 1.991,00 €. Importe Total Adeudado 1.991,00 €. Para otras modalidades, importes y/o plazos, consulte condiciones de financiación. Oferta compatible con Tchin – Tchin.

O Plan Único destinará máis de 600.000 euros no concello de Toques

O alcalde de Toques acompañado de dous deputados da Administración provincial. / Foto: Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña prevé destinar, a través do Plan Único, 612.036,42 euros ao longo deste ano 2024 no concello de Toques. Unha cantidade que inclúe o importe da fase inicial (359.094,98 €) e o das fases adicionais que se prevé executar neste exercicio (302.716,98 €). Esta cuantía forma parte do total destinado aos municipios da montaña (Arzúa, Boimorto, Melide, Santiso e Toques) que se agarda que chegue aos 5.208.537,36 euros.

Estas cifras anunciáronas a deputada de plans provinciais e municipios, Cristina Rey García, e o deputado de patrimonio e contratación, Xosé Penas, nunha reunión mantida co alcalde toquense, José Ángel Penas.

Ademais, os deputados aproveitaron a visita a Toques para visitar as obras do camiño de Montelen a Prados, financiadas co Plan Único da Deputación. "Esta ferramenta de financiamento das obras e servizos dos concellos permítelles aos gobernos municipais xestionar os recursos públicos con autonomía, en función das súas prioridades".

"Obras coma esta son un bo exemplo de como este plan contribúe a mellorar a calidade de vida da veciñanza, especialmente a dos concellos máis pequenos, onde o financiamento que reciben do Plan Único supón un gran impacto económico", fai fincapé a deputada de plans provinciais Cristina Rey.

A vella escola de Sobrado será o novo Centro de Día

Lisardo Santos con Perfecto Rodríguez na antiga escola. / Foto: Concello Sobrado

A vella escola de Sobrado será o novo Centro de Día para persoas maiores, grazas ás obras de rehabilitación deste inmoble.

A Xunta de Galicia financiará con 350.000 euros o 100% das obras de rehabilitación da antiga escola como centro de día, cuxa xestión dependerá do Concello. Lisardo Santos, alcalde da vila, e Perfecto Rodríguez, xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, visitaron a vella edificación.

Este novo servizo de atención diúrna terá capacidade para 25 usuarios e usuarias. A actuación proxectada respectará o volume orixinal do actual inmoble e propón a incorporación dun novo espazo de planta baixa pegado ao mesmo. Tamén se recuperarán os restos dun muro xa existente para formar unha nova estancia a modo de galería que funcionará como prolongación da sala polivalente que terá o futuro centro.

FLORISTERÍA MARU

Especialistas en vodas, comuñóns, bautizos e eventos

Rúa do Convento, 9 - Melide

floristeriamarumelide

Floristería Maru

Tfl: 981 50 75 80

Toques organiza os Campamentos de Verán para 60 rapazas e rapaces

Un neno realiza actividades nun campamento de verán. / Foto: iStock

O Concello de Toques organiza, un ano máis, os Campamentos de Verán para 60 rapaces e rapazas, do día 1 ao 31 de xullo.

Nesta ocasión, os campamentos dividiranse en dous: por unha banda, o deportivo, destinado a crianzas nadas dende o 2008 ata o 2014; e, por outra banda, o lúdico, para nenos e nenas nados dende o 2012 e 2020.

Para a modalidade deportivo hai dispoñibles 20 prazas, terá horario de 10:30 a 14:00 horas e darase nas Instalacións Deportivas da Administración local. Na categoría lúdica, as prazas dispoñibles son 40, o horario é de 10:00 a 14:00 horas e realizarase na Aula da Natureza. O custe de inscrición é de 200 euros en ambas modalidades.

O prazo para anotarse abre esta mañá, ás 9:00h, e pecha o venres, 14 de xuño, ás 14:00 horas. Este período é tanto para as solicitudes presenciais como telemáticas. As solicitudes serán rexistradas por orde de chegada, tendo preferencia as pertencentes aos nenos e nenas censadas en Toques. A listaxe de persoas admitidas publicarase o 18 de xuño ás 12:00 horas nos medios habituais.

"Arrincadeira" estrea nova edición o sábado 15 de xuño

O Dúo Maracaibo que visitará Toques nunha actuación. / Foto de arquivo

O sábado, 15 de xuño, comeza unha nova edición de "Arrincadeira". Unha iniciativa do Concello de Toques para promover as sesións vermú e o "tardeo" nas tabernas do municipio.

As datas e lugares desta actividade son: 15 de xuño en Casa Modesto actuará o Duo Marineda; o 28 de xullo en Casa Alfonso, concerto de Dúo Galán; 18 de agosto no Bar Carburo actuará Dúo Maracaibo; e, por último, o 21 de setembro en Bar Ánxeles, Dúo Trasnos.

O Concello toquense ofrece unha excursión aos maiores de 65 anos

O Faro de Malpica, un dos municipios que visitarán os asistentes a esta excursión. / Foto: Concello de Malpica

O Concello toquense ofrece unha excursión aos maiores de 65 anos empadroados no municipio.

Esta viaxe será os días: 19, 20 e 21 deste mes e visitarán lugares da costa como: Corcubión, Fisterra, Touriñán, Muxía, Malpica, Vimianzo, Camariñas ou Buño.

As persoas interesadas poden anotarse na Administración local presencialmente ou por teléfono no 981 50 58 26 ata o vindeiro 16 de xuño. As prazas son limitadas. O prezo por persoa desta iniciativa é de 83,30 euros. O pago realizarase mediante transferencia bancaria unha vez confirmada a praza.

As persoas que vaian a esta excursión poderán levar acompañante, só se é imprescindible.

Os 21 do Camiño chegan a Melide este sábado

Persoas participantes de Os 21 do Camiño no 2023 . / Foto: Os 21 do Camiño

Os 21 do Camiño, a media maratón organizada pola Asociación Deportiva Cerne, disputarase este sábado ás 18:30 horas entre as localidades de Palas de Rei e Melide.

Na modalidade de media maratón participarán 750 persoas e na carreira Os 6 do Camiño serán 200 os participantes.

Ademais, volverá o Concurso fotográfico para premiar as mellores imaxes realizadas durante o evento. As fotos deben enviarse a adcerne@gmail.com.

Xornadas de Portas Abertas no Melide Fútbol Sala

Un partido do Melide F.S infantil a durante esta temporada. / Foto: Melide F.S

O Melide Fútbol Sala realiza varias xornadas de Portas Abertas para as categorías de: biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

Ata o 16 de xuño no Polideportivo Municipal de Melide, para máis información as persoas interesadas poden enviar un correo a: clubmelidefs@gmail.com ou chamar ao 630 78 24 95.

A familia do Melide Fútbol Sala ten as portas abertas para todos e todas.

O Cire organiza o II Campus "Terra de Melide" para crianzas de 4 a 16 anos

O Club Cire organiza o II Campus "Terra de Melide" para crianzas de 4 a 16 anos durante a primeira quincena do mes de xullo.

Esta iniciativa divídese en dúas semanas: do 1 ao 5 e do 8 ao 12 de xullo. O horario será todos os días de 8:45 a 14:15 horas, no Campo Municipal do municipio. As crianzas poden acudir as dúas semanas ou só unha, a escoller. Se van durante toda a quincena, na segunda haberá 20 euros de desconto; se vai un irmán paga 20 euros menos. O prezo estándar é de 90 euros por semana. O pago farase a través de transferencia bancaria e deberase aportar o xustificante. O almorzo e a equipación están incluídos.

Paco Veiga, da AGXPT, no I Campus "Terra de Melide" cos cativos. / Foto: Cire

Nestas xornadas haberá diversas actividades como: fútbol, xogos populares, pádel, ou piscina, entre outras.

As nenas e nenos interesados en participar no II Campus "Terra de Melide", organizado polo Cire de Melide, poden anotarse cubrindo un formulario presente no Facebook do Cire e solicitar máis información no correo ciremelide@gmail.com ou no teléfono 650 07 68 62.

Esta é outra das actividades celebradas na localidade para axudar á conciliación familiar, ao tempo que os cativos e cativas desfrutan do tempo libre como máis lles gusta, con iniciativas ligadas ao deporte.

Xosé de Cea gañador do V Premio de Poesía Eduardo Pondal co poemario "Dende a miña barricada de sofás e canapés"

As persoas asistentes á entrega do V Premio de Poesía Eduardo Pondal a Xosé de Cea. / Foto: Museo Terra de Melide

O Museo da Terra de Melide foi o escenario elixido para celebrar o acto de entrega do V Premio de Poesía Eduardo Pondal, o pasado 24 de maio, ao escritor ulloán Xosé de Cea pola súa obra *"Dende a miña barricada de sofás e canapés"*. O galardón, promovido por Medulia Editorial e correspondente á convocatoria do ano 2023 entregouno o editor e tamén escritor Xulio López Valcárcel.

Na sinopse desta publicación, o autor destaca que neste poemario "contempla como todo se esfarela, como o mundo se esborralla depredado pola praga humana, ser espectador dunha tarda e preguiceira apocalipse dende a comodidade dun fogar ben mantido no primeiro mundo. Facelo até que algo racha nos adentros, unha demencia transitoria que impele cavar trincheiras baixo as alfombras, que deixa a un espido fronte a unha incerteza radical, liminaridade sen norte".

Ademais, no acto de entrega do V Premio de Poesía Eduardo Pondal, Xosé de Cea recitou, diante do público presente no Museo, versos do seu novo libro sobre o que comentou que está composto por "poemas nados da anguria, dun sentimento de liminaridade radical ao contemplar, dende o confort e seguridade do primeiro mundo, como o planeta Terra se esborralla depredado pola praga humana. E nesa comodidade, nese confort, a un vénlle unha sorte de demencia transitoria e dálle por cavar trincheiras debaixo das alfombras, por erguer barricadas con sofás e canapés, mesmo guindar cócteles molotov cargados con versos e palabras...".

Esta é a novena obra individual publicada polo escritor, orixinario de Palas de Rei e afincado en Melide dende os anos 90. Este libro de poesía entra na lista do autor xunto con publicacións como: *"Coímbra"*, *"En terra rara"* e "*Versos alén da ponte"*.

A maiores, cadrando coa entrega do Eduardo Pondal, a empresa Medulia Editorial anunciou que a convocatoria da sexta edición deste premio recaeu no autor lucense Manuel Vázquez, coa obra Maldita Eternidade.

O poemario *"Dende a miña barricada de sofás e canapés"* está á venda e dispoñible, tanto nas librerías físicas como a través das tendas en liña, para todas as persoas interesadas en ler esta obra para coñecer o incerto territorio que tripa Xosé de Cea.

"A música tradicional ten detrás un pobo, unha cultura e unha lingua, por iso é tan importante conservala"

- Como vos sentistes coa nominación ó Premio Martín Códax da Música Tradicional?

- Antonio Raposo: Sorprendidos, porque son moitos os grupos que se presentan, pero para nós xa foi un auténtico premio estar entre os 3 finalistas e levamos moita alegría. Por outra parte, tamén nos sentimos reconfortados, dado que o traballo que realizamos parece que ten certa visibilidade. Foi un chute de enerxía moi importante.

- En que pensa un cando lle entregan un galardón coma este?

- Pepiño Blanco: Cando vas a unha gala como a dos Premios Martín Códax pensas que non cho van dar pero unha vez chegas alí, e ves que é espectacular, dis isto vai en serio. Logo, cando escoitas o nome do grupo quédaste sen palabras.

- A.R: Foi un momento de moita emoción. Neste intre nós non o chegamos a asimilar ben, cando nos subimos ao escenario e os aplausos soando para nós foi un golpe de emoción. Xa nos chocou un pouco o nivel de aplauso cando sonou o noso nome ao dicir as candidaturas.

- P.B: Ademais, era un Pazo da Cultura onde predominaba a xente nova, persoas que se están movendo moito no panorama musical galego. E era esta xente a que nos aplaudía.

- A.R: Cando abracei aos meus compañeiros viñéronme á mente todos os momentos difíciles, isto é moi bonito e pasámolo ben pero coller o coche e facer 150 quilómetros para ensaiar un luns de febreiro con temporal non sempre é fácil. Isto é un esforzo polo que cando o premian levas unha alegría moi grande. Non obstante, creo que aínda non somos moi conscientes do que supón este galardón.

Todos os membros da agrupación Os Melidaos logo dun concerto co público ao fondo. / Fotos: Antonio Raposo Vidal

- O público trasladouvos infinidade de parabéns e mostras de cariño.

- P.B: Temos miles de mensaxes a través do teléfono e as redes sociais dándonos os parabéns. O compañeiro que leva o tema das redes sociais dicíanos o outro día que estaba sorprendido, agradecido e ao mesmo tempo agobiado porque non dá lido todas as mensaxes.

- A.R: Este premio deunos moita forma para seguir porque isto para nós non é un punto final, todo o contrario.

Recordo unha vez que fomos tocar a Ourense, na Praza Maior, coa Coral de Ruada e cando saímos pensei, non sei se poderemos tocar nun lugar mellor ca este. Porén, logo fai o centenario o Real Coro Toxos e Flores e chama a Os Melidaos, fai o centenario Cantigas da Terra e chama a Os Melidaos e Ruada quixo gravar unha peza con nós. Chegamos a sitios aos que nunca pensamos chegar.

- P.B: Antonio sempre di: o mellor aínda está por vir. Para nós este galardón é grandioso pero temos momentos moi bonitos na nosa traxectoria. Lembro cando tocamos no Teatro Rosalía de Castro, na Coruña, e o público se levantou a aplaudir que tamén foi un intre moi emocionante pero, como di Antonio, o mellor aínda está vir.

- Que se sinte cando estás enriba dun escenario e sentes todo ese cariño e admiración da xente?

- A.R: Hai moitas persoas que pensan que as pezas canto máis complexas, con maior cantidade de notas, canta máis velocidade, ... mellor. Nós procuramos non caer nese erro. Para nós o importante é esa emoción, por iso cando vemos ao público emocionado sentimos que iso é o fundamental. Se tocas moi ben pero non transmites, non hai emoción é coma se pos un ordenador. Outra das cousas máis importantes é cando vez a compañeiros doutras agrupacións que se dirixen a nós pedíndonos as partituras das pezas do noso repertorio, isto é do mellor que che pode pasar.

- P.B: Nese aspecto nós sempre fomos moi humildes. Antonio di moitas veces, e díxoo no discurso do Premio Martín Códax, o importante non é o intérprete é o interpretado.

- A.R: Claro. O importante non somo nós é o que estamos facendo. Se pos por diante o que fas e non ti, é máis fácil que as cousas saian ben.

- Cal é a clave para que un grupo como Os Melidaos funcione?

- A.R: Pois do que falabamos antes, o importante é o interpretado non o intérprete. A música tradicional é un tesouro que temos todos a obriga de conservar, para nós isto é unha máxima coa que nos vimos movendo. Logo de ter claro isto, hai que ser un pouco esixente cun mesmo coa afinación, a vestimenta, a presenza no escenario, ... Cremos que a clave do éxito está en coidar os detalles.

- P.B: Facer o que che gusta tamén é fundamental porque o transmites, a nós gústanos a música que facemos e o público percíbeo. Sen dúbida hai calidade no grupo pero tamén hai moito traballo detrás.

- Como notades vós que chega a cultura galega ao público de fóra do noso territorio?

- A.R: Cando vas tocar fóra hai menos xente de aquí pero a que hai ten a sensibilidade máis exacerbada porque está lonxe da terra. Vas a Euskadi ou o Bierzo e ves que é xente que saíu de Galicia pero Galicia non saíu deles e iso nótase.

- Por que é importante conservar a nosa cultura?

- A.R: Nós facemos música pero cunha etiqueta que é de música tradicional. Este tipo de música ten detrás un pobo por iso é importante conservala. O outro día nun concerto dicíanos un señor de Palencia que o que faciamos vai máis alá de cultura, estas son música apegadas á terra. As musicas tradicionais son moi especiais e importantes porque teñen detrás pobos, culturas e linguas. Ademais, é unha cousa totalmente identitaria.

- Está nun bo momento a música tradicional?

- A.R: Estamos nun bo momento, sobre todo, se o miras dende o número de participantes. É raro que nun concello non haxa unha asociación veciñal ou aldea que non teña o seu grupo de gaiteiros ou de bailadores. Galicia agora mesmo ferve de practicantes. A música é unha actividade na que a idade non é un problema, aquí tanto toca un señor de 80 anos como un rapaz de 12. A saúde da música tradicional, dende o meu punto de vista, non é mala.

Non obstante, queda moito por facer no tema de contratación e de valor. Ti ves os carteis das festas dunha parroquia e ves o nome da orquestra en grande e logo os grupos de gaiteiros moitas veces non teñen nin nome. As comisións de festas chegan, contratan todo e ao final collen os gaiteiros. Entón, as cantidades que reciben son ridículas.

“Quero que a miña exposición sexa inspiradora”

- Moita xente da comarca coñécete como mestra de pintura nas actividades extraescolares pero, quen é Eva Mera?

- Eva Mera: Definiríame como artista de nacemento. Son unha rapaza que naceu coa necesidade de expresar momentos e sensacións ao longo da miña vida. Digo que son artista porque noto ese sentimento e necesidade de explicar algo a través dos teus talentos, no meu caso a pintura, fotografía, danza e literatura.

Ademais, son unha persoa bastante sensible e para poder expresar o que sinto teño que estar ou moi ben ou moi mal. O termo intermedio a min non me dá para facer nada. Por exemplo: o meu primeiro libro comecei a escribilo nun dos meus peores momentos a nivel persoal. Tamén tiven un conflito interior porque sentía que son moi nena e quería matar esa parte de min, cando agora doume conta de que é algo positivo.

Unha cousa que lles intento inculcar moito ás crianzas é a xestionar a frustración e ensinarlles que ningún é mellor ca outro na arte. Cada artista exprésase de distinta maneira pero iso non implica que unha sexa mellor ca outra.

- Es unha artista multidisciplinar.

- E.M: Si, porén non é algo que me guste porque a xente pode interpretalo como que fas moitas cousas e ningunha ben. A min custoume moi centrarme nunha soa disciplina, dado que me gustan moitas facetas e penso que se me dan ben.

- Como foi esa transición de centrarte nunha soa parte da arte?

- E.M: Foi moi difícil. Se te fixas todos os artistas teñen unha vida complexa e eu cumpro ese estereotipo. Sempre souben que era artista, con 5 anos pintáballe as paredes da casa a miña nai e ela nunca me berrou porque sabía que era artista.

Logo, segundo vas medrando vanche dicindo que tes que facer outra cousa porque da arte non se vive, etc. A min isto afectoume moito porque había parte da familia que pensaba que a arte non era un traballo. Por todas estas cuestións o proceso moi difícil, fixen dende deseño gráfico, logotipos para empresas ata páxinas web, e todo de xeito autodidacta.

En definitiva, foi complexo principalmente por dúas cuestións: había moitas disciplinas que me gustaban e moito ruído exterior en contra diso. Para solucionar isto marchei do lugar no que había ese ruído, conseguín centrarme e decidir o que quería facer. Unha vez din este paso nunca me faltou traballo, inspiración nin oportunidades de seguir medrando.

- Do 18 de xuño ao 2 de xullo no Museo Terra de Melide vas expoñer as túas obras baixo o lema *"El hogar, detrás del hogar"*, que poderemos ver nesta exposición?

- E.M: É a terceira parte da miña obra na que plasmo as miñas experiencias. Esta exposición ten 18 obras: 11 en fotografía e 7 en pintura. Neste traballo narro o meu reencontro comigo mesma. As fotos son todas de aspectos relacionados coa natureza e representan as 4 estacións. Por outra parte, a pintura ensina a unha muller, que me pode representar a min, facendo as cousas máis sinxelas que te poidas imaxinar.

- Con que ollada debemos ver estas obras?

- E.M: Quero que esta exposición sexa inspiradora, que chegue á xente como teña que chegar, a cada un no momento que estea e que a acolla nese aspecto. É unha mostra moi sinxela e doce. Hai que ir a desfrutar do que se ve. Nesta vida, a felicidade completa non existe porque sempre hai momentos regulares ou malos nos que necesitas aprender, isto tamén o quero expresar nestas obras.

Eva Mera, artista que expoñerá no Museo Terra de Melide. / Foto: Eva Mera

- Cal dirías ti que é o teu fogar?

- E.M: O momento no que vivo agora é o meu fogar. O fogar non é a casa na que vives, para min é todo o que te rodea.

- Como foi expoñer no Castelo de Pambre?

- E.M: Incrible. Antes da exposición non coñecía o Castelo nin esa zona de Palas e a experiencia de ir a ese lugar máxico, montar a miña mostra e ver a boa acollida que tivo foi xenial.

- Es moi coidadosa e perfeccionista co teu traballo, isto vémolo en detalles como o coidado na paleta de cores.

- E.M: Si, na mostra pode verse que coido moito a paleta de cores, con tonalidades terra. Isto tamén forma parte de como me sinto, xa que cando era pequena predominaban as cores máis vistosas, logo pasei ao branco e negro e agora identifícome cos tons terra. Intento que sexan cores que transmitan moita tranquilidade, paz e calma.

A miña faceta perfeccionista foi a que me impediu sacar nada antes porque necesito estar moi segura do que fago.

- Que teñen en común a literatura e a pintura?

- E.M: As dúas son un medio a través do que expresarte e de captar momentos.

- En que te inspiras para as túas obras?

- E.M: Nos sentimentos. É moi complicado definir a inspiración pero diría que é como unha chamada interior.

- O de ser artista venche de familia?

- E.M: Non, na familia non tiven ningún referente para ser artista. Non obstante, miña nai notou que era artista dende que nacín, de feito recorda moito un día cando era pequena e lle fixen unha boneca cunha pedra e un pano de mesa.

- A xente valora o traballo das pintoras?

- E.M: Non. Cada un é libre de decidir e pensar o que queira pero as persoas deben entender que pintar pode ser un traballo e non só unha afección. Actualmente podo dicir que vivo da pintura. A xente cando manda aos nenos e nenas a clase faino como para que se divirta, pero non con perspectivas de que iso pode ser o seu traballo nun futuro. Obviamente, as saídas profesionais que ten a pintura non van por un camiño recto.

Logo, tamén me ten pasado de destacar varias alumnas da clase, comentarllo ás familias e desapuntalas. Isto reflexa a mentalidade de: como xa pinta ben para que vai seguir. Cando é todo o contrario, deberías reforzala para que siga mellorando. Se un neno ou nena é bo en matemáticas non vai deixar de estudalas nin de ir clases particulares. Porén, no caso da pintura veno como unha actividade de lecer e non o valoran como outras disciplinas como: robótica, matemáticas ou ciencia. Un exemplo disto son os prezos que teñen estas actividades, a robótica ten un custo moi superior á de pintura, é certo que os materiais teñen un custo máis elevado pero tamén a consideración é diferente.

JAVIER MOURIÑO, INTERMAX TECHNOLOGY

"A Intelixencia Artificial vai supoñer no sector unha revolución igual ou superior a Internet"

- Que servizos ofrecedes en Intermax Technology?

- Javier Mouriño: Nós ofrecemos, principalmente, servizos de internet, teléfono fixo, móbil, televisión e televixilancia. O que ofrece calquera empresa de telecomunicacións.

- O voso ámbito de actuación está moi centrado no rural.

- J.M: Exactamente. Este é un nicho de mercado que está esquecido polos grandes operadores, foi onde nacemos, pero agora xa temos tamén cobertura a nivel nacional a través de acordos con outros operadores para poder dar cobertura de fibra a nivel nacional.

- Que é o máis valorado pola clientela á hora de contratar este tipo de servizos?

- J.M: A nosa filosofía dende o primeiro día foi ofrecer un trato personalizado e solucionar as necesidades da xente. Temos a sorte de que, no noso sector, os grandes operadores fallan na atención ao cliente, xa que non te atenden moi ben e resulta complexo que che aporten solucións. Non obstante, nós temos un centro de atención de chamadas aquí en Galicia, dispoñible as 24 horas do día, e preferimos crecer máis lento pero coa clientela moi fidelizada.

Todos os nosos clientes teñen dúas persoas de referencia: o comercial e o técnico. A través do teléfono teñen unha vía directa para falar con eles no momento no que o precisen. Isto axuda a crear un vínculo máis forte coa xente, de feito temos unha taxa de permanencia moi elevada.

- En que situación dirías que se atopa actualmente o voso sector?

- J.M: Atópase nun momento bastante bo porque se están despregando redes moi potentes, neste caso a fibra óptica e o 5G.

Javier Mouriño López, xerente de Intermax Technology, nunha feira internacional do sector. / Foto: Javier Mouriño

- Houbo moitas variacións de prezos nos últimos tempos?

- J.M: Podemos dicir que, no noso sector, fomos os únicos que seguimos baixando prezos. É certo que se realiza unha inversión en infraestrutura e despois, conforme se vai amortizando, conseguimos baixar os prezos. Nós non somos unha empresa de baixo custo pero si moi competitivos. Destacar, por exemplo, unha oferta que temos de fibra ata 1GB por 29 euros, é das máis económicas no mercado.

- O das telecomunicacións é un servizo valorado?

- J.M: A veces falta comunicación entre o que é o operador e a clientela. Se o pensas é moi sinxelo, só vendemos dúas cousas: minutos e volume de datos. A maiores, tamén hai bastante desinformación xa xerada, precisamente, para venderche máis servizos ou subirche os prezos con servizos secundarios dos que non che informan ao principio.

- Que é o Club Intermax?

- J.M: É un espazo para toda a clientela fidelizada de Intermax e, en función dos servizos que teñan contratados e do tempo que leven con nós, ofrecémoslles descontos, experiencias (estancias en casas rurais, concertos, partidos de fútbol,...) e agasallos. Ademais, case todos estes premios repercuten en clientes nosos, como por exemplo as estancias en casas rurais.

- Como é o procedemento para informarnos dos vosos servizos ou contratalos?

- J.M: A través da nosa páxina web ou no teléfono 900 866 972. Non temos tendas físicas nin apostamos por elas porque preferimos desprazar os comerciais ata a casa da clientela, o que é aínda moito máis cómodo. Concretamos unha cita coa persoa interesada, un comercial acude para explicarlle todos os servizos e o usuario xa nin se ten que mover.

Ademais, quero destacar outra vantaxe que temos de servizos engadidos, a SIM que estamos ofertando aos nosos clientes, coa que non che fai falta, nin para darte de alta nin se perdes a tarxeta, volver a cambiala. Por correo electrónico enviámosche unha tarxeta dixital que se pode descargar na maioría dos teléfonos intelixentes. Outro dos servizos que está moi ben valorado pola nosa clientela son as chamadas a través de wifi, damos cobertura móbil mediante a wifi para estender a cobertura a moitas casas, especialmente no rural, onde dentro non tes cobertura do xeito tradicional.

- En que lugares xa está presente Intermax?

- J.M: Con redes propias estamos en todo Galicia e, agora mesmo, temos o espectro de fibra máis grande sobre todo España. Actualmente, chegamos a 29 millóns de fogares onde podemos conectar. Esta cifra é posible grazas aos acordos con operadores grandes.

A persoa interesada en contratar con nós en calquera provincia de España só ten que chamarnos e ao día seguinte xa acudimos para realizar a instalación.

- Se tiveras que darlle algún consello a unha persoa nova que pensa emprender, cal sería?

- J.M: No noso sector o trato ao cliente e a fidelidade son claves. É moi sinxelo captar clientela pero o difícil é telos contentos e fidelizados.

- Participades en moitas feiras e eventos?

- J.M: De cara a venda, unha das máis importantes, é a Semana Verde de Silleda. Neste evento expoñemos e levamos a monitorización das entradas e saídas do recinto. Xa son varios anos superando os 100.000 asistentes polo que é un gran escaparate.

- Como ves o futuro das telecomunicacións?

- J.M: Enfocado a moitos máis servizos a través do 5G. Logo, por fin, imos ter unha cobertura de alta capacidade en calquera lugar. Agora mesmo, estamos participando nun programa con Hispasat para que en España calquera poida ter 200MG vía satélite a un prezo reducido de 35 euros.

- Que vai supoñer a Intelixencia Artificial?

- J.M: Coa IA estase abrindo outro novo nicho moi grande. Por como está o sector a Intelixencia Artificial vai ser unha revolución igual ou superior a Internet.

Intermax Technology
Tlf: 900 86 69 72

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora